

ORIENTACIÓN TÉCNICAS PARA O USO DE IMAXES NA AULA VIRTUAL

As imaxes, ilustracións, fotografías e gráficos son un excelente complemento para as mensaxes de texto que queremos compartir co noso alumnado. Axúdannos a transmitir ideas máis complexas dunha forma máis efectiva e permiten a memorización e adquisición dos contidos por parte do alumnado dunha forma máis efectiva. Se temos que realizar unha docencia telemática, a aula virtual vai ser a ferramenta de comunicación entre o docente e o alumnado. Neste ámbito a lectura dun contido extenso pode ser unha tarefa aburrida e difícil para o alumnado, polo que debemos ter en conta os beneficios do uso de diferentes imaxes.

O valor educativo das imaxes na nosa aula virtual.

As imaxes poden ser unha gran ferramenta para organizar ideas a través de debuxos simples e textos curtos. En resumo, é empregar as imaxes como un instrumento que achega o coñecemento ao noso alumnado.

Trátase dunha ferramenta comunicativa universal porque, quen non acudiu á comunicación por medio de debuxos e imaxes nalgún momento da súa vida?

A potencia deste recurso reside na súa capacidade para enriquecer calquera metodoloxía que esteamos a empregar (activas, máis tradicionais, virtuais ou presenciais). Do mesmo xeito, é un recurso que se pode adaptar perfectamente a diferentes niveis educativos.

Hai múltiples formas para aplicar este recurso na nosa aula ou aula virtual neste caso:

- mapas mentais (“Visual Thinking”).
- Infografías.
- carteis gráficos.
- fotografías para debates ou para análise.
- gráficas e estatísticas.
- contos.

Algunhas recomendacións sobre o uso de imaxes en Moodle:

- ten en conta que o uso excesivo de imaxes pode resultar caótico para o alumnado, polo que as imaxes deben estar ben contextualizadas.
- o uso excesivo de imaxes pode facer que a navegación vaia máis amodo, sobre todo se o alumnado ten unha conexión lenta, xa que as páxinas de Moodle poden tardar en cargar.
- debido ao punto anterior, as imaxes deben ser de pouco peso. Se as imaxes son de gran tamaño, podemos reducilas empregando as ferramentas propias de Moodle ou un editor externo como GIMP.
- empregar formatos JPG ou PNG preferentemente e evitar outro tipo de formatos máis pesados como BMP.
- debemos escoller imaxes con bo criterio: inclusivas, non sexistas, non discriminatorias, que non fomenten valores negativos, etc.
- escoller imaxes atractivas para o alumnado e con boa calidade. Se as imaxes son de mala calidade pode descender a motivación do alumnado na lectura do contido, por exemplo.

ALGÚNS RECURSOS MOODLE PARA INSERTAR IMAXES NA NOSA AULA VIRTUAL OU CURSO

Nas nosas aulas virtuais temos diferentes recursos para engadir imaxes para diferentes funcións. A continuación revisamos ás máis empregadas.

- **ETIQUETAS**

Unha etiqueta ten diferentes usos. Poden resultar moi útiles nas aulas virtuais para darlle un aspecto máis dinámico e visual:

- pódenos servir como elemento delimitador do espazo dentro dun tema para diferenciar recursos, engadindo texto como un título ou como un bloque de contidos, realizando a función de bñner ou descrición.
- pode empregarse para engadir imaxes, axudando a mellorar o aspecto do noso curso.


Como inserir unha imaxe empregando o recurso etiqueta?

✚ Foro de novas ✎

Editar ▾
Editar ▾

✚ Engadir unha actividade ou un recurso

✚ Engadir temas



🏷 Engadindo un novo Etiqueta ⓘ


► Expandir todo

▼ Xeral

Texto da etiqueta



Neste botón buscamos a imaxe no noso ordenador.



Aquí, seleccionamos o tamaño da imaxe. Se prememos "Auto Size" asegurámonos que a imaxe non se deforma.

Cando teñamos a configuración da nosa imaxe, gardámola aquí.

Non nos gusta o resultado? Podemos volver a este punto sempre que queiramos para adaptar o tamaño da imaxe ou facer calquera outro cambio, seleccionando a imaxe no editor de texto (a imaxe ponse en azul) e premendo de novo a icona das imaxes. Nese momento volverase a abrir esta pantalla.


Logo de inserir a imaxe, podemos escribir o texto que queiramos para acompañala na propia etiqueta.

- **INSERIR UN LOGOTIPO**

Podemos inserir un logotipo ao nome do noso centro na aula virtual para que ademais do nome, apareza tamén unha imaxe.

Primeiro, debemos escoller/crear o noso logotipo. Temos que ter en conta que non deben ser imaxes moi pesadas. Debe ademais ser unha imaxe JPG ou PNG. Se queremos inserir unha imaxe sen fondo debe ser PNG.

Para comezar, debemos ir á administración do sitio:



A continuación, o usuario debe subir o logotipo de menor tamaño ao apartado de “logo compacto” e o de maior tamaño ao apartado “logo”.



Finalmente, teremos o noso logotipo creado. Poderemos visualizalo en diferentes partes da nosa aula virtual:



- **ENGADIR BLOQUES CON IMAXE DO CENTRO NA PÁXINA PRINCIPAL**


Por defecto, Moodle engade un bloque no lateral dereito coa descrición da páxina de portada. Neste bloque tamén se pode engadir un logotipo, unha imaxe que sexa de interese ou representativa do centro, ou dunha conmemoración.

Para configurar este bloque pódese ir a **administración do sitio > configuración da páxina de portada**. No editor de texto engadimos a información (algunha xa vén por defecto) e tamén inserimos a imaxe que desexemos.


- **ENGADIR BLOQUES NOS CURSOS**

En moitas ocasións o docente quere inserir no seu curso un logotipo, unha imaxe, ligazóns, correo electrónico, etc. Para isto, debe premer activar a edición.

Aparecerá unha barra lateral no que buscaremos “engadir un bloque”.



Para agregar un bloque no que inserir unha imaxe debemos engadir o bloque “HTML”.



Xa temos o bloque creado, temos que editalo en “configurar o bloque”.

LICENZAS E PROTECCIÓN DE DATOS


Dende un punto de vista ético e legal, non é aceptable "apropriarnos" sen máis do que vaiamos atopando na Rede. Todo dependerá de como os seus autores decidiron compartilo. Por este motivo, teremos que saber se estamos autorizados a utilizalo, a modificalo, a compartilo de novo, etc.

Cando alguén crea unha imaxe, vídeo ou canción, calquera recurso en definitiva, a esa obra aplícanse unha serie de dereitos de propiedade intelectual e de autoría.

Se a persoa autora non especifica o contrario, esa obra ten todos os dereitos reservados e non poderá ser empregada por unha terceira persoa: o coñecido **copyright** (co símbolo ©). Polo tanto, se nunha obra non conseguimos atopar o símbolo de "Creative Common" que nos indica que nivel de uso podemos facer da imaxe (neste caso), significa que non podemos empregala, xa que tería copyright.

O contrario de *copyright* é o cada vez máis coñecido **copyleft** e as licenzas **Creative Common**.

O movemento *copyleft* pretende facer fronte ao *copyright* ofrecendo unha maior liberdade no uso de contidos alleos, aplicando unicamente algúns dereitos reservados. Defenden o uso de licenzas máis abertas, que permitan compartir e reutilizar os contidos creados.



Referencias e atribución

É importante, daquela, que cando empreguemos material alleo obtido na Rede, respectemos as licenzas de uso dese material e que fagamos unha correcta atribución da autoría.

A pesar de ter unha licenza que nos permita empregar ese recurso para un fin en concreto ou incluso modificalo, debemos facer sempre referencia indicando, sempre que se poida, o autor da obra, o título, o lugar no que se pode atopar (banco de recursos, repositorio, servizo web, etc.) e a licenza que ten.

A continuación temos un exemplo:



[Autor: Comfreak](#) / [Pixabay License](#) / [Pixabay](#) /

PROTECCIÓN DE DATOS

Que é un dato persoal?

Un dato persoal é toda aquela información que permite identificar ou fai identificable unha persoa física. Nun contexto educativo, os datos persoais que permiten identificar a unha persoa, directa ou indirectamente.

A Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) publicou unha [Guía para centros educativos](#), que se presenta como un documento "dinámico, revisable e actualizable".

Nesta publicación, ofrécese un interesante decálogo que resumimos a continuación:

1. todo o persoal da comunidade educativa que, por razóns dos seus cometidos, traballa con datos persoais debe facelo con dilixencia e respecto á privacidade e intimidade, antepoñendo sempre o interese e a protección dos menores.
2. as Administracións e os centros educativos son os responsables do tratamento dos datos persoais.
3. por regra xeral, e dada a súa finalidade educativa, os centros educativos non precisan o consentimento dos titulares dos datos. Porén, deben informar con claridade da finalidade da recollida de datos, da obrigatoriedade de facilitalos, dos destinatarios dos datos, dos seus dereitos, da identidade do responsable do tratamento.
4. se os datos e o consentimento de pais/nais/titores se solicitan con finalidades distintas á función educativa, debe informarse claramente da finalidade e dar a posibilidade de opoñerse a ela.
5. no emprego das TIC, as administracións e os centros educativos deben coñecer as aplicacións que se utilicen, a súa política de privacidade e as súas condicións de uso; non deben empregarse aquelas que non informen sobre o tratamento dos datos persoais.

6. as Administracións e os centros educativos deberán dispor de protocolos, instrucións, guías, directrices ou recomendacións sobre o uso das TIC para os docentes. O emprego das TIC debe adaptarse ao grao de desenvolvemento do menor.
7. as comunicacións entre o profesorado e as familias deben realizarse, preferentemente, a través dos medios postos a disposición de ambos polo centro educativo (plataformas educativas, correo electrónico do centro).
8. Non é recomendable o emprego de aplicacións de mensaxaría instantánea (Whatsapp, por exemplo), salvo casos de forza maior.
9. o persoal docente debe ter coidado cos contidos do traballo de aula que se sobe a Internet. Debe ensinar a valorar a privacidade individual e de grupo, a inconveniencia de sacar fotos ou vídeos doutros alumnos sen consentimento e facelos circular polas redes sociais para evitar calquera forma de violencia (ciberacoso, *grooming*, violencia de xénero...).
10. na celebración de eventos (festivais, competicións...), o centro debe informar aos familiares da posibilidade de gravar imaxes exclusivamente para uso doméstico e persoal.